



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**ACTA DA REUNIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA A RENOVACIÓN DAS BARREIRAS DE DEVASAS DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO.**

**PRESIDENTE:**

D. Miguel A. Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

D.<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup> do parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés  
Vicepresidenta 2.<sup>a</sup> do Parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> Carolina Costoya Pardo  
Interventora do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. F. Javier Freire González  
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás **12.30 h do 29 de setembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas da Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto.

**Orde do día:**

Punto único.- Constitución da Mesa de Contratación e apertura e exame da documentación incluída no sobre "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, así como solvencia técnica e profesional dos licitadores).

**Primeiro.-**O presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fai constar a única proposición presentada que é a seguinte:

| ENTIDADE              | registro núm.: |
|-----------------------|----------------|
| Emetel Sistemas, S.L. | 52359          |

**SEGUNDO.-** Seguidamente a Mesa de Contratación procede ao estudo da documentación contida no sobre A presentado pola empresa concorrente.




PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Analizada a proposición presentada pola empresa Emetel Sistemas, S.L. compróbase que presenta a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos e, polo tanto, acorda admitila para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **12.45 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data indicados.

|                                                                                                                                |                                                                                                                                 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <br>Miguel A. Santalices Vieira<br>Presidente | <br>María Rodríguez Arias<br>Vogal            |
| <br>María Soledad Soneira Tajés<br>Vogal     | <br>María Aneiros González<br>Vogal         |
| <br>Carolina Costoya Pardo<br>Vogal         | <br>F. Javier Freire González<br>Secretario |



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**ACTA DA REUNIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA A RENOVACIÓN DAS BARREIRAS DE DEVASAS DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO.**

**PRESIDENTE:**

D. Miguel A. Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

D.<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias  
Vicepresidenta 1.<sup>a</sup> do parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> María Soledad Soneira Tajés  
Vicepresidenta 2.<sup>a</sup> do Parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D.<sup>a</sup> Carolina Costoya Pardo  
Interventora do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. F. Javier Freire González  
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **11.00 h** do día **10 de outubro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación presentada para tomar parte na contratación administrativa, para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas da Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto.

**Orde do día:**

Punto único.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "B" "(Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor)".

**Primeiro.**-Invítase a que accedan á sala os representantes presentes da empresa concorrente.

D.<sup>a</sup> María Rodríguez, DNI: 77004608 X, representante da empresa Emetel Sistemas, S.L.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 168, do 5 de setembro de 2016. Ningún dos presentes o solicita.

**Segundo.**-A continuación, e unha vez comprobado polos membros da Mesa de Contratación que se atopa debidamente pechado, procédese á apertura do sobre presentado pola empresa concorrente: Emetel sistemas, S.L..







PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

O presidente ordena a remisión da documentación contida no sobre "B" ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, conforme aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, que se dará a coñecer no acto público de apertura do sobre "C".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **11.10 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data indicados.

|                                                                                                                                |                                                                                                                                 |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <br>Miguel A. Santalices Vieira<br>Presidente | <br>María Rodríguez Arias<br>Vogal            |
| <br>María Soledad Soneira Tajés<br>Vogal     | <br>María Aneiros González<br>Vogal           |
| <br>Carolina Costoya Pardo<br>Vogal         | <br>F. Javier Freire González<br>Secretario |

**ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE NOVEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA A RENOVACIÓN DAS BARREIRAS DE DEVASAS DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO.**

**PRESIDENTE:**

D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

D.ª Raquel Arias Rodríguez

Secretaria do Parlamento de Galicia

D.ª Concepción Burgo López

Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D.ª María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

D.ª Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **10.00 h** do día **4 de novembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, dos servizos para a renovación das barreiras de devasas da administración do Parlamento de Galicia.

**Orde do día:**

Punto primeiro.-Comunicación da valoración obtida presentada no sobre B pola empresa concorrente.

Punto segundo.-Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" (Documentación técnica e relativa aos criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas).

**Primeiro**.-Invítase a que acceda á sala o representante da empresa Emetel Sistemas, S.L., D.ª María Rodríguez Castro, do n.º de DNI: 77004608X.

O presidente da Mesa anuncia que non se efectúa a lectura do anuncio de licitación, publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 168, do 5 de setembro de 2016, por terse cumprimentado este trámite na sesión pública de apertura do sobre "B".





PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Logo de analizado o informe técnico de avaliación, que asume esta Mesa de Contratación, determínase o seguinte: respecto do único criterio de adxudicación sometido a xuízo de valor, á oferta de Emetel sistemas, S.L. atribúesenlle 20 puntos.

**Segundo.-**A continuación o presidente invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "C" presentados polas empresas concorrentes admitidas a continuar na fase de adxudicación, e que comproben que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á súa apertura, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas; unha vez iniciada a apertura dos sobres, non se admitirán interrupcións.

O secretario da Mesa de Contratación abre o sobre e dá lectura ao contido do anexo IV que é o seguinte:

| a) Prezo                                             |                                          |
|------------------------------------------------------|------------------------------------------|
|                                                      | Prezo da subministración (importe total) |
| Prezo excluído o IVE                                 | en números: 4.850€                       |
| IVE                                                  | en números: 1.018,50€                    |
| Total                                                | en números: 5.868,50€                    |
|                                                      | Prezo do servizo (importe total)         |
| Prezo excluído o IVE                                 | en números: 43.387,63€                   |
| IVE                                                  | en números: 9.111,63€                    |
| Total                                                | en números: 52.499,03€                   |
| b) Aumento do tempo de soporte                       |                                          |
| Número de meses                                      | 0                                        |
| c) Fontes de alimentación para as devasas Checkpoint |                                          |
| Número de fontes                                     | 2                                        |

O presidente invita aos asistentes que así o desexan a examinar a documentación contida nos sobres "C".

Despois da sesión pública e logo de comprobar que o prezo non sobrepasa o máximo, a Mesa de Contratación acorda requirirlle a documentación da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas á única empresa licitada, a efectos de proceder, se é o caso, á proposta de adxudicación.



PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **10.10 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data indicados.

Diego Calvo Pouso  
Presidente

Concepción Burgo López  
Vogal

Carolina Costoya Pardo  
Vogal

Raquel Arias Rodríguez  
Vogal

María Aneiros González  
Vogal

F. Javier Freire González  
Secretario







PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**ACTA DA REUNIÓN DO 15 DE NOVEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS PARA A RENOVACIÓN DAS BARREIRAS DE DEVASAS DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO.**

**PRESIDENTE:**

D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

D.ª Raquel Arias Rodríguez

Secretaria do Parlamento de Galicia

D.ª Concepción Burgo López

Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D.ª María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

D.ª Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **10.15 h** do día **15 de novembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, dos servizos para a renovación das barreiras de devasas da administración do Parlamento de Galicia.

**Orde do día:**

Punto primeiro.- Estudo da documentación administrativa presentada pola empresa Emetel Sistemas, S.L.

Punto segundo.- De ser o caso, elaboración de proposta de adxudicación.

**Primeiro.**-Unha vez comprobado que a oferta da empresa cumpría os requirimentos dos pregos, o día 4 de novembro a Mesa de Contratación acordou requirirle a documentación exixida na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas, á empresa Emetel sistemas, S.L., para propoñela, de ser o caso, para a adxudicación do contrato.

Despois de estudada a documentación administrativa presentada pola empresa Emetel Sistemas, S.L. a Mesa de Contratación acorda admitila como suficiente e válida





PARLAMENTO  
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

**Segundo.**-Á vista desta documentación, a Mesa de Contratación acorda propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a adxudicación á empresa Emetel Sistemas, S.L.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **10.20 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data indicados.

|                                                                                                                        |                                                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <br>Diego Calvo Pouso<br>Presidente   | <br>Raquel Arias Rodríguez<br>Vogal           |
| <br>Concepción Burgo López<br>Vogal  | <br>María Aneiros González<br>Vogal          |
| <br>Carolina Costoya Pardo<br>Vogal | <br>F. Javier Freire González<br>Secretario |